



PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS A INSTITUCIÓN S EN FIN DE LUCRO DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECCIONADO 2025

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais. (DOG núm. 67, de 7 de abril de 2025).

PROPÓN:

Primeiro. Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes. As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I ordenadas por número de expediente, que se divide en dous apartados:

-Anexo I:

a.1): Institucións sen fin de lucro que acadan puntuación, que comeza pola Asociación Ameixa Rock e remata na Asociación Agrupación Musical O Rosal

a.2) Institucións sen fin de lucro que acadan puntuación, non acadan a puntuación mínima requirida no artigo 15.2 da Orde, que comeza pola Asociación Cultural Rebulir e remata na Orquesta Clásica de Vigo

Segundo. Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1. 2 e 3 da orde, así como aquelas solicitudes non presentadas en tempo e forma, consonte o establecido nos artigos 8 e 10 da orde de convocatoria (Anexo II)

Terceiro. Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web www.cultura.gal.

Cuarto. Segundo o establecido na Orde de convocatoria, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Dirección Xeral de Cultura a no lugar e forma indicados no artigo 15.6 da Orde de convocatoria.

En todo caso, as entidades locais que presenten alegacións enviaránlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Cultura, a través do seguinte enderezo: servizopromocion.cultura@xunta.gal no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

Santiago de Compostela
O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

